

II CONCURSO DE RELATOS “ASFALrelaTOS”

BASES DA CONVOCATORIA

Xénero: Relato curto xuvenil

Concurso: Relatos cortos “ASFALrelaTOS”

Entidade convocante: STOP Accidentes

Páxina web: www.stopaccidentes.org

1. Obxecto da convocatoria:

STOP Accidentes, Asociación de Ayuda y Orientación a los Afectados por Accidentes de Tráfico, entidade sen ánimo de lucro con domicilio social en Madrid, C/ Núñez de Arce, nº 11 y NIF G-62484480 (en diante o Organizador); convoca, a través do seu proxecto Aulas Activas de Seguridade Viaria, o **II Concurso de relatos "ASFALrelaTOS"** (en diante o Concurso) co obxectivo de xerar un espazo mozo de creación artística sobre os valores que deben estar presentes na mobilidade para que sexa segura, sostible, saudable e inclusiva; e facendo especial fincapé no Obxectivo Cero Vítimas.

Así mesmo, o Concurso vai permitir multiplicar a mensaxe da mobilidade segura e dar voz ao alumnado da ESO e FPB para brindar consellos de convivencia responsable ao resto da poboación.

2. Participantes:

O Concurso diríxese ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e de Formación Profesional Básica (FPB) de todo o Estado Español e está dividido en 3 categorías:

- Categoría A: Relato curto en formato redacción.
- Categoría B: Relato curto en formato vídeo.
- Categoría C: Relato curto en formato imaxe: debuxo, banda deseñada, memes, etc.

3. Características dos traballos:

A extensión das obras:

- En formato redacción: será un máximo de 1.000 palabras. En tamaño DINA4, marxes de 2,5cm, espazo interlineal de 1,5cm e tipo de letra Arial 12 puntos.
- En formato vídeo (TikTok, vídeo, etc.): duración máxima 15” a 60” segundos. MP4 comprimido.
- En formato imaxe (banda deseñada, debuxo, meme, etc.): Tamaño DINA4, marxes de 2,5cm.

4. Presentación de traballos:

A participación no Concurso non terá ningún tipo de coste para os participantes. Os relatos entregaranse por vía telemática, a través do correo electrónico concurso@stopaccidentes.org indicando no asunto: CONCURSO DE RELATOS ASFALRELATOS.

Cada participante pode presentar 1 (un) traballo por categoría. As obras deberán ser orixinais e inéditas. Os traballos deberán indicar o correspondente título e sinatura cun pseudónimo. Calquera entrega que non cumpra estes requisitos quedará fora do Concurso.

A entrega constará de dous arquivos:

- Arquivo 1: traballo segundo categoría (PDF, MP4) con título e pseudónimo.
- Arquivo 2: en formato PDF un documento cos seguintes datos: Título da obra, pseudónimo e nome do autor/a, idade, Comunidade Autónoma, número de teléfono e correo electrónico do autor, categoría na que participa, nome do Instituto, nome do titor/a, correo electrónico do instituto.

Os concursantes que presentan un traballo deberán publicalo nas súas redes sociais, etiquetando a @stopaccidentes en Facebook, Instagram y/ o Twitter.

Os relatos poderanse entregar en calquera idioma oficial do Estado Español. Se un dos relatos escollidos está escrito ou ilustrado nalgunha das linguas cooficiais diferente ao castelán, este será publicado nas dúas versións, lingua na que está escrito ou ilustrado castelán, facilitando por parte do Organizador a tradución do mesmo.

5. Prazos do concurso:

O inicio da admisión dos traballos será a partir da publicación das presentes bases.

- Finalización da admisión de relatos: 30 de setembro de 2021.
- Fallo do Concurso: 30 de outubro de 2021.
- Publicación dos relatos finalistas e relatos gañadores: antes do 30 de novembro de 2021.
- Entrega de premios: a partir do 30 de novembro de 2021.

Calquera relato recibido con posterioridade á data indicada non entrará en Concurso. Así mesmo, os prazos do Concurso, quedan suxeitos a modificación ou prórroga por necesidades de axenda do Organizador e/ou cancelación por cuestións de forza maior que impidan realizalo nese momento.

6. Premios:

De cada categoría seleccionárase un (1) traballo gañador e dous (2) finalistas suplentes, cuxos traballos tamén se publicarán nas redes e a páxina web de STOP Accidentes.

En caso de que o traballo seleccionado como gañador non conte coa correspondente autorización da persoa responsable legal do autor/a, será eliminado do Concurso e se propondrá como traballo gañador ao primeiro finalista ou segundo.

Entregaranse tres (3) premios, un (1) por cada categoría:

- Categoría A: TABLET de 10".
- Categoría B: TABLET de 10".
- Categoría C: TABLET de 10".

Cada un dos premios está valorado nuns douscentos cincuenta euros (250,00 €). E en ningún caso os premios poderán ser trocados por diñeiro ou outra prestación a petición de calquera das persoas gañadoras. STOP Accidentes reservase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír os premios por outros de similar valor e características.

7. Xurado:

O xurado único estará formado por persoas relacionadas coa mobilidade sostible e seguridade viaria, designadas por STOP Accidentes.

A súa decisión será inapelable e, en caso de que a xuízo do xurado único, ningún dos traballos presentados teña nivel suficiente para ser adxudicatario de premio, se poderá declarar deserto, argumentando a súa decisión.

8. Comunicación e entrega de premios:

Unha vez fallado o Concurso, a súa resolución farase pública na páxina web de STOP Accidentes www.stopaccidentes.org na sección de "Actualidad" unha vez as persoas premiadas cumprimentaran e entregaran asinado o consentimento de datos persoais. En ningún caso se publicará ou entregará un premio a un participante sen o consentimento expreso e autorización de participación no Concurso.

Así mesmo, o Organizador se porá en contacto coas persoas gañadoras e o seu centro educativo para coordinar a entrega do premio. A entrega realizarase preferiblemente no centro educativo do gañador do Concurso.

9. Eliminacións y penalizacións:

Non estarán permitidos contidos que, a criterio do Organizador, sexan inadecuados, ofensivos, injuriosos ou discriminatorios ou que puideran vulnerar dereitos de terceiras persoas. O Organizador se reserva o dereito de eliminar a quen actuase de maneira fraudulenta ou mala fe e/ou incumplido as bases do Concurso, así como a tomar as medidas oportunas para garantir o seu cumprimento.

10. Cesión de dereitos das obras:

Todo os dereitos de explotación da propiedade intelectual que puideran recaer sobre os relatos presentados ao Concurso (reproducción, comunicación pública, distribución e transformación) quedarán cedidos a STOP Accidentes, sen límite territorial nin temporal algún, adquirindo este último o dereito de publicación dos mesmos, mediante calquera sistema ou formato, modalidade ou procedemento, mencionando a autoría e centro ao que pertence.

11. Aceptación das bases:

A participación neste Concurso implica a plena aceptación das súas bases, que poden consultar na páxina web www.stopaccidentes.org

Organiza:



Colabora:

